



LÓPEZ-OCÓN, L., GUIJARRO, V., PEDRAZUELA, M. (eds.), *Aulas abiertas. Profesores viajeros y renovación de la enseñanza secundaria en los países ibéricos (1900-1936)*, Madrid, Dykinson, 2018, 561 páxinas. ISBN: 978-84-9148-915-3.

Dúas recentes publicacións, esta que aquí imos comentar deseguido e unha un algo anterior dedicada á creación en 1918 do *Instituto-Escuela* en Madrid¹ veñen establecer un magnífico punto de chegada a toda unha serie de estudos históricos sobre os procesos de innovación didáctica vividos no campo da educación secundaria, en concreto nos institutos de bacharelato

¹ López-Ocón, L., Martínez Alfaro e Gossenbach, G., (eds.), *Ciencia e innovación en las aulas: centenario del Instituto-Escuela (1918-1939)*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2018.

en España, entre o inicio do século XX e o tempo da guerra civil.

Aínda contra finais do século XX tiñan un alcance limitado os estudos históricos sobre a educación secundaria pública en España no tempo que vai desde a posta en marcha do Plan Pidal en 1845 ata o inicio da ditadura franquista contra finais dos pasados anos trinta. Nun período ben curto de tempo este panorama cambiou radicalmente por mor da implicación dun non extenso cadro de profesores e profesoras de institutos de bacharelato «que iniciaron un amplo movemento de interese e estudo sobre a historia destes centros de ensino, ao preocuparse polo coñecemento dos elementos constituintes da memoria da profesión docente» (p.11), en conexión coa liña de investigación da «historia da ciencia» e coas perspectivas da historia cultural e do patrimonio pedagóxico abertas desde a Sociedade Española de Historia da Educación (SEDHE) e continuada pola Sociedade Española para o Estudo do Patrimonio Histórico-Educativo (SEPHE), o que se obxectivou na elaboración dun considerable número de monografía históricas, contando co apoio dun núcleo investigador activo desde o Consello Superior de Investigacións Científicas, do colectivo Fedicaria e da Asociación Nacional para a Defensa do Patrimonio dos Institutos Históricos (ANDPIH), que no seu momento tivo ao MUPEGA (Museo Pedagóxico de Galicia) entre unha das súas instancias impulsoras.

Esta nova preocupación investigadora, que abandonou a liña dos estudos institucionais máis tradicionais, descritivos e memorialísticos, ach egouse con lucidez aos estudos, ao profesorado, aos procesos didácticos, aos currículos, aos libros de texto e a outros recursos de estudo, desde as

novas perspectivas abertas pola chamada «historia do currículo», cunha atención nova cara ás diversas materializacións e obxectivizacións dos principios e das orientacións metodolóxicas prescritas para as intervencións didácticas, isto é, para a práctica docente.

Con curiosidade por entender, estes profesores de instituto aos que nos referimos observaron desde os finais do século XX, en ocasións con alta sorpresa, que as bibliotecas dos institutos provinciais de bacharelato –os institutos históricos- creados contra mediados ou aínda durante a segunda metade do século XIX conservan entre os seus fondos libros «vellos» pero valiosos na súa linguaxe de ciencia positiva e que os vellos laboratorios de física, de química e de ciencias naturais, agora en desuso, conteñen instrumental, pezas e recursos, agora postos en valor nos chamados museos científicos e pedagóxicos, o cal suscita a seguinte serie de preguntas: houbo docentes que utilizaron estas mediacións nos procesos didácticos?; cando e como?; onde se editaron?; onde se fabricaron?; como chegaron a cada Instituto?... descubriendo, a continuación, que se unha parte de tales libros e de tales mediacións chegaran a cada centro por envío do Ministerio de Fomento/Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, tamén outra chegara a través dos propios profesores, en casos con procedencia francesa, alemá ou inglesa... Todo un campo por investigar.

Foi necesario reler os documentos oficiais do Ministerio de Fomento (desde 1900 Ministerio de Instrución Pública), re-examinar as páxinas de *Gaceta de Madrid/Boletín Oficial del Estado*, reler os currículos oficiais, reparar nas viaxes de estudos realizadas por distintas profesoras

e profesores, estudar con atención as actividades desenvolvidas pola Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (JAE) desde 1907 e ata 1936, cos seus programas anuais de dotación de pensións e iniciativas complementarias, reparar igualmente nos vellos libros de actas de acordos destes institutos,.. para descubrir así, comprender e interpretar con adecuación que, sobre todo, desde o inicio do século XX, houbera un movemento –limitado, sen dúbida, pero visíbel– de renovación e de impulso de innovacións didácticas, relacionado coa profesionalización do profesorado público de educación secundaria, coa súa crecente consciencia de status, e cunha preocupación das elites políticas e académicas burguesas en España por favoreceren a modernización e europeización desta educación e dos centros e institucións correspondentes, que se patentizou en particular no programa de pensións dotadas pola JAE e na creación dos varios Instituto-Escuela, en continuidade co experimental Instituto-Escuela de Madrid (1918).

Por estas vías foi como se abriu unha paulatinamente máis forte liña de investigación histórico-educativa que arestora (2019) deu de si un apreciable continxente de publicacións, entre outras, *Educación, ciencia y cultura en España: auge y colapso (1907-1940). Pensionados de la JAE*, coordinada en 2012 por Isidro Sánchez, e a editada en 2014 por Leoncio López-Ocón *Aulas modernas*, que en gran medida aparecen sinaladas no presente texto de *Aulas Abiertas*.

Aulas Abiertas céntrase no estudo e recoñecemento do profesorado de educación secundaria que incidiu na súa renovación didáctica ao longo do primeiro

terzo do século XX, contando para iso cos beneficios culturais e académicos que para este profesorado significou poder dispoñer de bolsas de estudo para a mellora da súa formación en contacto con variadas institucións de investigación e centros de formación docente estranxeiros, procedendo a estudarse de modo singular os casos de 55 destes profesores. Unha análise que non só se centra na realidade española, senón que estuda igualmente o caso portugués, tamén próximo aínda que menos desenvolvido en canto a estes aspectos de innovación.

Logo das páxinas introdutorias, a extensa monografía articulada en catro partes considera: quen foi o profesorado de educación secundaria que foi pensionado pola JAE (asunto que conta cos estudos pioneiros de Teresa Marín Eced,² que estableceu a cifra total de case 1600 pensións concedidas entre 1907 e 1934 en distintas áreas de coñecemento) e pola «Junta de Educação Nacional» (no caso portugués); que novas prácticas e materiais de ensino e efectos didácticos se puideron observar como consecuencia das viaxes de formación a Europa; que novidades se puideron rexistrar en canto á construción da cultura normativa na educación secundaria; e, finalmente, un coidado percorrido polas traxectorias de 55 docentes españois pensionados pola JAE.

Dentro da primeira parte sinalase quen foron os pensionados, saliéntase o especial dinamismo dedicado á modernización da ensinanza das ciencias, en particular das ciencias naturais, e estúdanse as pensións concedidas no ámbito das materias

de historia natural, fisioloxía e hixiene e de agricultura; analízanse os efectos das concedidas nos ámbitos da física, da química, das matemáticas, da filosofía (pp. 57-71); nos campos da lingua e literatura españolas, do latín e das linguas modernas; así como o acontecido no caso portugués.

En relación coa segunda parte, Víctor Guijarro detense na análise da «interacción persoal co obxecto científico e a acción educativa: notas, máquinas dóciles e manuais (1885-1919)»; estúdanse os «percursos de modernización das ciencias físicas e das ciencias naturais nos liceus»; obsérvanse os efectos renovadores no ensino da historia natural a través do relato do seu material científico no Instituto de Murcia; destácase o uso da lanterna de proxección e os seus efectos didácticos renovadores, así como o uso e a preparación de coleccións de placas diascópicas, e tamén o lugar do cinema, a través das colaboracións de Guillermo Díaz-Plaja na *Revista Internacional del Cinema Educativo* (1929-1934), expoñendo o realizado nas aulas de lingua e de literatura.

Na terceira parte Villacorta Baños desenvolve unha densa achega arredor da profesionalización e status do profesorado de educación secundaria, antes de dar paso á exposición de 55 traxectorias, entre as que se alude as seguintes en relación varia con Galicia: Luis Crespi Jaime, Castelao, Luís André (pp. 373-378), Gonzalo Brañas, Ricardo Montequi e Fermín Bescansa.

Un apartado de seleccionadas fotografías e ilustracións e unha moi rica bibliografía que acompaña cada apartado completan este valioso volume, que, xunto co de estudo do Instituto-Escuela de Madrid configuran, como dicíamos atrás, un punto e á parte.

² En particular, *Innovadores de la educación en España. Becarios de la Junta para Ampliación de Estudios*, Toledo, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 1991.

Desde Galicia, cómpre dicir que estas cuestións viñeron gozando de atención investigadora desde hai xa algún tempo: Porto Ucha referiuse á cuestión xa en 1986 co logrado capítulo «El Institucionismo en Galicia a través de la Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas» do seu libro *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia* (Sada, Ed. do Castro, pp. 295-358), onde indicou tamén diversos nomes entre os 70 pensionados galegos; Teresa Marín Eced en 1991, na obra xa citada, incorporaba notas e informacións moi valiosas de ensinantes galegos pensionados, que tomaría en consideración, xunto co estudo de fondos de arquivo sobre bolseiros da JAE depositados na Residencia de Estudiantes de Madrid, Costa Rico no seu texto *A reforma da educación (1907-1936). X. V. Viqueira e a historia da psico-pedagogía*

en Galicia (Sada, Ed. do Castro, 1996, pp. 9-62 e anexos), onde se detivo particularmente nas traxectorias dunha ducia de docentes en relación coa formación psico-pedagóxica; en 2007 Xosé A. Fraga e Rafael Sisto Edreira coordinaron a exposición e o catálogo *Redes de coñecemento. A JAE e a ciencia en Galicia* (Vigo, Galaxia) e no mesmo ano Ricardo Gurriarán e Antón Costa desenvolverían a través do portal dixital do Consello da Cultura Galega o proxecto *Álbum da Ciencia* con cincuenta referencias de figuras galegas que foran pensionadas pola JAE, un proxecto que posteriormente se retomou no mesmo lugar coa coordinación coidada de Xosé A. Fraga Vázquez e cunha excepcional riqueza de información.

Antón COSTA RICO
Universidade de Santiago de Compostela